

## ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: 20-24 DE ABRIL

MATERIA: XEOGRAFÍA

CURSO: 3ºA.

PROFESOR/A: MANUEL ALONSO.

CONTACTO: [alonsosousa@edu.xunta.es](mailto:alonsosousa@edu.xunta.es)

MÉTODO DE CORRECCIÓN: solución en web do IES

## ACTIVIDADES

### TEMA 7: TRABALLO E RELACIÓNS LABORAIS.

- 1.- LECTURA DO CONTIDO 7.1.- DISTRIBUCIÓN DO TEMPO, paxs. 136-137.
- 2.- REALIZAR AS ACTIVIDADES 1, 2, 3 da páxina 137. (martes, 21)
- 3.- LECTURA DO CONTIDO 7.2.- A POBOACIÓN TRABALLADORA, paxs. 138, 139, 140, 141. (xoves, 23).
- 4.- REALIZAR AS ACTIVIDADES 4,5,6,7,8,9 das páxinas 139 e 141. (xoves, 23).
- 5.- LECTURA DO CONTIDO 7.3.- TRABALLO E DESEMPREGO, páxs. 142, 143, 144, 145 (venres, 24)
- 6.- REALIZAR AS ACTIVIDADES 10, 11, 12, 13, 14, 15 das páxs. 139 e 141. (venres, 24)

**AS SOLUCIÓNS NA WEB DO IES, a partir do sábado, 25 de abril.**

### **SOLUCIÓNS ÁS ACTIVIDADES DO TEMA 7, paxs. 137, 139, 141, 143, 145**

**1.- TEMPO DE TRABALLO:** aquel que se adica a actividades pagadas.  
**TEMPO DE OCIO:** o que adicamos a actividades sin remuneración.  
**TEMPO DE DESCANSO:** son as oito horas que normalmente durmimos.

#### **2.- COMENTARIO DO GRÁFICO da páx.137:**

**Tipo de gráfico:** diagrama de barras. **FONTE:** Instituto da muller.  
**Explicación:** no eixe de abscisas (horizontal) están situados os anos 2001-2006-2010-2013, sobre os que se erguen dúas barras de distintas cores: azul para os homes e fusia para as mulleres, e alcanzan distintas alturas, sobre o eixe de ordenadas (vertical), que representa o número de horas que cada grupo adica por día e término medio ao traballo doméstico. Destacar que as mulleres máis que dobran tódolos anos aos homes.

**Valoración:** o traballo doméstico é unha actividade que non está pagada, e como a muller por educación sempre se queda na casa, ela é a que realiza dita actividade con máis frecuencia. Chama a atención, nembargantes, a diminución de tempo que lle adica á labor doméstica a medida que pasan os anos: das 7 horas, 22 minutos de 2001 a 4 horas, 29 minutos en 2013. A muller incorpórase cada vez máis ao mundo laboral. O home sempre aparece con datos moi inferiores: 3 horas e dez minutos en 2001, a 1 hora e 30 minutos en 2013.

### **3.- DURACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS:**

O texto do Relato dun obreiro de Pennsylvania, de 1833 explica que é de 13 horas en duras condicións de hixiene e salubridade. No texto da China, 2014, o que se pondera é o uso das horas extras. O control por parte das autoridades é practicamente inexistente e, mentres nunhas empresas hai coñecemento delas noutras non é así. Están os obreiros desprotexidos? Nun país gobernado por un Partido Comunista non debía ser así, pero cando a necesidade é traballar porque se precisa o xornal o obreiro non escatima esforzos e cumpre.

### **4.- Os alumnos pertencen ao grupo de POBOACIÓN INACTIVA.**

Os pais traballan en DIFERENTES TAREFAS (cada alumno sabe a súa).  
O teu profesor de Historia pertence ao grupo de POBOACIÓN ACTIVA.

### **5.- TÁBOA DE POBOACIÓN INACTIVA FEMININA DO 2005 AO 2013.**

As mulleres españolas incluídas na poboación inactiva son labores do fogar (89,98%).

**GRÁFICO: DIAGRAMA LINEAL (páx. 138):** o desemprego en España afecta máis ás mulleres (27,02%) que aos homes (25,79%), pero con pouca diferenza.

**6.- GRÁFICO: DIAGRAMA LINEAL, páx. 138:** entre 2005 e 2013 a taxa de ocupación dos homes sufriu un importante descenso: de 63,94% a 49,12% (+14,82%). O nivel de ocupación feminino tamén descendeu pero en menor medida, pasou do 40,77% no 2005 a un 38,89% (+1,88%) no 2013. Destacaríamos que a crise económica desta etapa afectoulle máis aos homes que ás mulleres.

### **7.- O TRABALLO DAS MULLERES. CARACTERÍSTICAS:**

- As mulleres cobran menos.
- Existe unha gran desigualdade de oportunidades.
- A precariedade do emprego é normal no mundo feminino.
- As mulleres carecen maiormente dunha protección social básica.
- A competitividade é moi forte entre sexos, e gañan os homes.

### **8.- ANÁLISE DOS SALARIOS MASCULINOS E FEMININOS:**

**GRÁFICA DA PÁX. 140.** Tipo de gráfica: diagrama de barras. Fonte: INE. Explicación: neste diagrama de barras horizontal represéntanse os salarios de homes e mulleres entre os anos 2002, 2006, 2010 e 2012. Tomamos como menor diferenza salarial entrambos grupos a de 2006, en **3.436 Euros** e a de maior diferenza no ano 2012: **6.145 Euros**. Valoración: con estes datos chegamos á conclusión de que a crise afondou na diferenza salarial entrambos grupos.

### **9.- GRÁFICA: EVOLUCIÓN DO DESEMPREGO NOS PAÍSES DESENVOLVIDOS (páx. 141).** Tipo de gráfica: diagrama lineal.

Explicación: observamos que no eixe de abscisas (horizontal) se representan os anos, correlativos, entre 2005 e 2012, e no eixo de ordenadas (vertical), as porcentaxes. A diferentes cores os países ou grupos de países desenvolvidos: EE.UU. Xapón, Alemaña, Francia, España, Unión Europea e Zona Euro. Mentres en Xapón o desemprego está

estable arredor dun 5%, en Alemaña desce do 11% ao 6%, en Francia e na Zona Euro e na U.E., ascende do 8% ao 11%. España é un caso que desentoa: pasa dun estable 8% entre 2005 e 2007 a un 26% no 2012. Valoración: o caso de España na evolución do desemprego ten un culpable: a gran cantidade de investimento que había arredor do ladrillo e da construción de vivendas. Cando no 2007 se pinchou a burbulla inmobiliaria moitos empregados que traballaban na construción e actividades afíns tiveron que abandonar esta laboura.

**10.- ECONOMÍA SUMERXIDA** é a que escapa ao control público e mantén os traballadores como ilegais, sometidas á única decisión do empresario  
Exemplo: manter un traballador sen seguridade social.

**11.-** España ocupa o penúltimo lugar en canto a desemprego xuvenil con máis do 40% dos xoves entre 15 e 29 anos no ano 2013, só superada por Grecia, que alcanzou case o 50%.

**12.- A SOCIEDADE DOS TRES TERZOS** está formada por:

- Os que teñen empregos estables e ben retribuídos.
- Os que teñen empregos máis ou menos estables.
- Os que carecen de emprego e buscan pero con moitas dificultades.

**13.- A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL** é a encargada de levar a cabo a política social relacionada co emprego. As súas funcións son:

- Promover o emprego e a formación.
- Loitar contra a discriminación laboral.
- Corrixir os desequilibrios do mercado laboral.
- Previr os riscos laborais.
- Axudar aos colectivos en crise.

**14.- ANÁLISE DAS DIFERENTES GRÁFICAS,** páxs. 144-145.

- O grupo dos camareiros é de maior ocupación en Galiza: 35.039 p.
- A evolución do desemprego en Galiza entre os anos 2010 e 2014 foi en aumento, tanto para homes como para mulleres.
- A provincia de Pontevedra foi a de maior taxa, tanto no 2010 coma no 2014, con lixeiros índices superiores entre mulleres e homes.

**15.- DIFERENZA ENTRE HOMES E MULLERES NO GRUPO DE POBOACIÓN INACTIVA.**

- O salario ou rendemento.
- A falta de preparación.
- A falta de condición física.